

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

CENTRO: CRA de Oroso

CURSO: 1º Y 2º Primaria

MATERIA: Inglés

DEPARTAMENTO:

DATA: 12/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender as rutinas diarias e o vocabulario asociado (día da semana, mes, tempo atmosférico, etc).	Participa nas rutinas diarias (día da semana, mes, tempo atmosférico, etc.) e comprende o vocabulario asociado.
Identificar o sentido xeral e un repertorio limitado de vocabulario e de expresións en textos orais moi breves e sinxelos transmitidos por viva voz ou por medios técnicos, sobre temas relacionados coas propias experiencias, necesidades e experiencias.	Comprende as fórmulas básicas de relación social (saúdos, despedidas, presentacións, agradecemento, etc).
	1º: Comprende as preguntas sobre os seus datos básicos (nome, idade), obxectos, cores, números (1-10), animais, a súa familia e en xeral temas traballados na aula.
	2º: Comprende as preguntas sobre os seus datos básicos (nome, idade), obxectos, cores, números (1-20), animais, a súa familia e en xeral temas traballados na aula.
Interactuar de xeito moi básico utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais para iniciar, manter ou concluir unha breve conversa cumprindo a función comunicativa principal do texto (saúdar, felicitar, etc)	Comprende polo contexto dibuxos animados con narracións moi sinxelas
	Responde axeitadamente en situacións de comunicación (saúdo, preguntas moi sinxelas sobre si mesmo, etc.)
	1º: Coñece e utiliza expresións relacionadas coas celebracións familiares ou culturais (Happy birthday, Happy Easter!)

	<p style="text-align: center;">1º</p> <p>Fai presentacións moi breves e sinxelas previamente preparadas sobre temas cotiáns ou do seu interese (This is my father/ brother...; My house is white...)</p>
	<p style="text-align: center;">2º</p> <p>Fai presentacións breves e sinxelas previamente preparadas sobre temas do seu interese (falar de sí mesmo, a súa familia, os seus gustos e preferencias, etc) usando estruturas moi básicas.</p>
<p>Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricada ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.</p>	<p style="text-align: center;">Imita e repite expresión de gravacións (cancións...)</p>
<p>Identificar o tema e sentido xeral en textos tanto impresos como dixitais, moi breves e sinxelos, con estruturas simples e léxico de alta frecuencia</p>	<p>Localiza e le (2º) palabras coñecidas no material visual usado para as rutinas (calendario, tempo atmosférico): números, días da semana, expresións sobre o tempo atmosférico, etc.</p>

<p>sobre temas moi coñecidos e cotiáns, sendo indispensable a presenza dun forte apoio visual e contextual.</p>	<p>1º Relaciona correctamente palabras escritas coa imaxe correspondente.</p> <p>2º Comprende textos escritos relativos ás palabras e expresión traballadas.</p>
<p>Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situación cotiáns e temas concretos relacionados cos seus intereses e necesidades.</p>	<p>Escribe cartas ou tarxetas nas que felicita a alguén a partir dun modelo, copiando algunhas palabras básicas e incluíndo debuxos ou fotografías.</p>
<p>Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos (por exemplo, copiando palabras e frases moi usuais para realizar as función comunicativas que se perseguen.</p>	<p>1º Copia palabras e expresión sinxelas traballadas oralmente.</p> <p>2º É capaz de construír textos sinxelos partindo de modelos ben estruturados.</p>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Seguemento do traballo realizado na aula virtual (acceso, envío de materiais...). Análise da participación nas videoconferencias. Análise do traballo escrito do alumnado.</p>
	<p>Instrumentos: Informes da aula virtual do alumnado con datos de acceso. Folla de control do profesorado. Cartafol individual cos traballos enviados pola familia do alumnado por calquera medio de comunicación dos establecidos polo centro.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, basearémonos nas cualificacións do 1º e 2º trimestre do curso 19-20, valorando de xeito positivo o traballo deste 3º trimestre. A repercusión do traballo do 3º trimestre nas cualificacións finais do alumnado solo poderá ser positiva.</p> <p>Para cualificar ao alumnado na avaliación final/ordinaria, manterase a nota do 2º trimestre, podendo mellorarse, de ser o caso, polo traballo desenvolvido no 3º trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Fixéronse tarefas de recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación, na medida en que cada alumno/a podía avanzar. Individualizouse ao máximo o proceso de ensino-aprendizaxe.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Alumnado con conectividade: Publicación de propostas didácticas na aula virtual do centro. Videoconferencias grupais dúas veces por semana. Contactos individuais e envío e recepción de materiais por diversas vías (teléfono, mail aula virtual, aplicacións de mensaxería...)</p> <p>Alumnado sen conectividade: Contactos individuais e envío e recepción de materiais por diversas vías (teléfono, mail aula virtual, aplicacións de mensaxería...).</p> <p>Ao alumnado de Educación Primaria mandóuselles os libros de texto ao seu domicilio (Activity Book de inglés, para realizar traballo escrito).</p>
Materiais e recursos	Materiais dixitais e aula virtual do centro educativo.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Videoconferencias, aula virtual e web do centro.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Publicada a información na web do centro, con data 14/05/20 e enviada unha mensaxe por abalarMóbil a cada un dos proxenitores.</p>